



FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Traballo de Fin de Grao

Mención atención á Diversidade

Grao en Mestre/a de Educación Primaria

A prevención e detección das dificultades de aprendizaxe

Zaida Calvo Pereira

Titora: Elisa Teresa Zamora Rodríguez

Curso académico 2015/2016

Data: 29/06/16

A prevención e detección das dificultades de aprendizaxe

La prevención y detección de las dificultades de aprendizaje

Prevention and detection of learning difficulties

ÍNDICE

Resumo e palabras chave.....	V
1- Introducción.....	1
2- Identificación do obxecto de estudo, contidos e metodoloxía.....	2
3- Resultados.....	4
3.1- Conceptualización das dificultades de aprendizaxe.....	4
3.2- Tipos de dificultades de aprendizaxe.....	7
3.3- Características do alumnado con dificultades de aprendizaxe.....	9
3.4- Causas das dificultades de aprendizaxe.....	11
3.5- Prevención das dificultades de aprendizaxe.....	12
3.6- Factores que inflúen na prevención.....	13
3.7- Tipos de prevención.....	14
3.8- Ámbitos de prevención.....	15
3.9- Detección das dificultades de aprendizaxe.....	16
3.10- Características da avaliación psicopedagóxica	19
4- Conclusións.....	23
5- Referencias documentais	24

IV. RESUMO E PALABRAS CHAVE

RESUMO

A investigación a desenvolver estuda a prevención e detección das dificultades de aprendizaxe, co obxectivo de proporcionar unha análise reflexiva e profunda sobre esta temática. Para iso este TFG desenvolverase atendendo á modalidade de traballo ou metodoloxía de iniciación á investigación documental.

PALABRAS CHAVE: Dificultades de aprendizaxe, detección das dificultades de aprendizaxe, prevención das dificultades de aprendizaxe, diagnóstico, intervención educativa.

RESUMEN

La investigación a desarrollar estudia la prevención y detección de las dificultades de aprendizaje, con el objetivo de proporcionar un análisis reflexivo y profundo sobre esta temática. Para eso este TFG se desenvolverá atendiendo a la modalidad de trabajo o metodología de iniciación a la investigación documental.

PALABRAS CLAVE: Dificultades de aprendizaje, detección de las dificultades de aprendizaje, prevención de las dificultades de aprendizaje, diagnóstico, intervención educativa.

ABSTRACT

This research focuses on the prevention and detection of learning difficulties, with the aim of providing a reflexive and in-depth analysis on the topic. To this object, this TFG will use the research method or methodology of initiation to documentary investigation.

KEY WORDS: Learning difficulties, detection of learning difficulties, prevention of learning difficulties, diagnostic, educational prevention.

1. INTRODUCCIÓN

Este traballo ten como tema principal a detección e prevención das dificultades de aprendizaxe. Con el preténdese axudar a entender cales son as ferramentas ou procedementos empregados na prevención e detección das dificultades de aprendizaxe.

As dificultades de aprendizaxe no alumnado de Educación Primaria son unha problemática que provoca interese na comunidade educativa e son obxecto de numerosas investigacións. Así mesmo, a detección e prevención destas dificultades pode axudar a evitar e reducir os efectos negativos deste problema. É necesario resaltar que en ocasións hai danos biolóxicos que son imposibles de eliminar, pero si é recomendable detectalos e tratalos axiña, para que dentro desas limitacións os problemas sexan menores, así como o impacto que a nivel persoal, educativo e social.

A modalidade na que se inclúe este traballo de fin de grao é a iniciación á investigación documental. Co obxectivo de afondar nesta temática específica e mostrar como está sendo analizada neste momento actual.

Os obxectivos marcados para isto, partirán de coñecer e profundar naquel alumnado que presente características que leven a pensar que ten algún tipo de dificultade de aprendizaxe. Así como nas pautas a desenvolver na prevención e detección deste tipo de dificultades.

Segundo a Guía para a elaboración e defensa do Traballo de Fin do Grao en Mestre/a de Educación Primaria no Curso 2015 - 2016 no seu apartado 2, indícase que o desenvolvemento deste, proporcionará unha serie de competencias a todo alumno e alumna. A este respecto, o traballo desenvolto presta especial atención en coñecer as características dos estudantes, así como as características motivacionais e sociais, a identificación de dificultades de aprendizaxe, informar delas e pautar a súa detección e prevención e profundar nas bases teóricas para facilitar a práctica futura.

A adquisición destas competencias permitirá unha maior formación do profesorado á hora de enfrontarse ó alumnado nas aulas, ademais de exercer un papel rastreador,

para captar e establecer os medios para solucionar as posibles dificultades de aprendizaxe que poidan xurdir na aula.

2. IDENTIFICACIÓN DO OBXECTO DE ESTUDO, CONTIDOS E METODOLOXÍA

Para o desenvolvemento deste traballo de investigación, marcouse como obxecto de estudo a prevención e detección das dificultades de aprendizaxe no alumnado de educación primaria. Co obxectivo de coñecer e profundar nas características de nenos e nenas que poden presentar este tipo de problemática. A comprensión deste obxecto de estudo permite un mellor desenvolvemento docente evitando o fracaso escolar no alumnado.

Para abordar este obxecto de estudo, pártese dos contidos teóricos referentes á definición de dificultades de aprendizaxe, para seguir profundando na súa tipoloxía, así como nas súas características, causas, prevención e detección.

A modalidade de investigación será a análise documental, entendéndoa como: “Un traballo mediante o cal por un proceso intelectual extraemos unhas nocións do documento para representalo e facilitar o acceso ós orixinais” (Rubio, 2004, p.1). Esta forma de traballo, permitirá recoller a información máis relevante dos últimos anos.

Para poder dar resposta ó obxecto de estudo marcado, empregáronse unha serie de criterios de inclusión e exclusión para acoutar a busca, entre os que destacan os seguintes:

- Período temporal: Análise de documentos publicados entre o 2005 e o 2016.
- Idioma: Preferentemente documentos en lingua castelá.
- Nivel educativo: Selección daqueles escritos que se relacionen coa etapa de Educación Primaria.
- Disciplina: Educación, Psicoloxía e Pedagogía.
- Utilización de documentos recollidos unicamente na súa totalidade.

Seguindo estes criterios de inclusión e exclusión as palabras chave empregadas para reducir a busca ós obxectivos marcados foron as seguintes:

- Dificultades de aprendizaxe: Para comezar a pescuda partiuse da base de datos Dialnet, onde saíron un total de 700 documentos dos cales se analizaron 30 dos que

posteriormente se recolleu un único arquivo para este traballo. Seguindo a busca en Google Académico os resultados dados foron 15.000, ó tratarse dunha cifra tan elevada seleccionáronse 40, dos cales unicamente se empregaron dous. Para rematar, a base de datos Jacobus proporcionou 37 resultados que unha vez examinados se empregaron dous libros e un dicionario.

- Definición de dificultades de aprendizaxe: A utilización destas palabras chave serviu para esclarecer o concepto de dificultades de aprendizaxe, deste xeito só se realizou a busca en Google Académico onde se recolleron 35 resultados, que unha vez revisados serviron para seleccionar dous libros dixitais.

- Detección das dificultades de aprendizaxe: Unha vez que o concepto básico estaba claro pasouse á investigación da detección das dificultades de aprendizaxe. Neste caso comezouse cunha busca en Google Académico onde dos 60 posibles documentos se escolleu un.

- Diagnóstico das dificultades de aprendizaxe: Para seguir coa pescuda buscouse en Jacobus que recolleu 7 libros que foron relevantes para esta investigación dous deles. Finalmente, Google Académico proporcionou 39, dos cales se seleccionou un artigo.

- Avaliación das dificultades de aprendizaxe: Para rematar coa información deste bloque a base de datos Dialnet serviu para agrupar 9 documentos que unha vez observados permitiron a utilización de dous. Finalmente, Google Académico serviu para escoller un dos 6 documentos que proporcionou.

- Prevención das dificultades de aprendizaxe: Empregouse Dialnet para a recollida de información, no cal se conxuntaron 14 artigos dos que se utilizaron dous. Seguindo en Google Académico das 74 posibilidades, unha vez analizadas seleccionáronse dúas delas. Finalmente con esta palabra chave no buscador Jacobus o único documento atopado foi seleccionado.

- Intervención educativa nas dificultades de aprendizaxe: Neste caso o único buscador que deu información para recoller na investigación foi Google Académico que permitiu escoller un artigo, despois de analizar 50.

Para rematar, dicir que como se observa nas referencias documentais houbo unha selección dun documento que se atopa fóra dos parámetros temporais estipulados. Isto débese a que no proceso de busca, uns informes facían referencia a el e considerouse necesaria a súa utilización no traballo. Recalcando tamén a utilización dun artigo documental, que estaba previamente recollido.

3. RESULTADOS

3.1 CONCEPTUALIZACIÓN DAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

A busca por atopar unha definición axeitada e aceptada por toda a comunidade científica do termo dificultades de aprendizaxe, é algo que leva roldando ós investigadores moitos anos. Poplin citado en Mercer (2006, p.35) xa afirmaba con respecto a unha definición unitaria: “Ó longo dunha década de investigación acumulada, quizais so hai un feito innegable e é que os problemas de aprendizaxe non constitúen unha soa condición de incapacidade cunha serie de características facilmente definibles”. Esta situación xérase como recollen Romero e Lavigne (2005) pola gran heteroxeneidade da poboación escolar á que fai referencia este concepto, e polos solapamentos existentes entre os diferentes trastornos que integran as dificultades de aprendizaxe. Todo isto fai que as diferentes definicións existentes impliquen diferentes criterios. Isto xerou que ó longo da historia da educación, existiran un gran abano de definicións sobre este concepto. Tanto é así que, Fuentes (2009) afirma que xa dende o Século XIX, aparecían artigos educativos sobre os nenos e nenas definidos como anormais, referíndose a aqueles que, sen presentar discapacidade, non eran quen de seguir o ritmo da clase. A partires de aí xerouse un aluvión de definicións, que marcaron as décadas posteriores ata chegar actualmente a un consenso relativo sobre o concepto dificultades de aprendizaxe.

A día de hoxe despois de analizar o traballo de investigadores/as sobre esta temática, pódese chegar a unha definición válida, para adquirir unha idea xeral sobre este concepto. Suárez (2010) define as dificultades de aprendizaxe como unha expresión polisémica, porque se poden considerar equivalentes a necesidades educativas especiais, ou tamén se pode referir a elas como dificultades específicas.

Polo tanto, enténdese que a expresión de dificultades de aprendizaxe, tanto dentro como fóra de España, emprégase a partires de dúas acepcións fundamentais:

- En sentido amplo, as dificultades de aprendizaxe son calquera alteración, disfunción ou dificultade do funcionamento intelectual xeral e da conduta adaptativa dunha persoa, o que conleva á necesidade de establecer elementos de apoio e recursos específicos no contexto onde se desenvolve (Luque, 2006, citado en Fiuza e Fernández, 2013).
- En sentido estrito, as dificultades de aprendizaxe enténdense en termos de discrepancia significativa, entre a puntuación obtida nun test de intelixencia xeral e a obtida nun test do aspecto curricular, onde se manifestan unha serie de dificultades na lectura, escritura e matemáticas, como afirma Suárez (2010). Esta concepción está moi relacionada co constructo estadounidense learning disabilities.

Este traballo entende as dificultades de aprendizaxe dende un sentido amplo, polo que a visión proposta, partirá do abarque deste concepto dende todas as súas problemáticas. Como se veu en liñas anteriores, a definición deste concepto tivo moitas variacións ó longo do tempo, e a pesares de centrar a visión na interpretación exposta anteriormente, cabe resaltar a proposta de ampliación de Santiago Molina (1997 citado en Fuentes, 2009, p.2) que entende “as dificultades de aprendizaxe como un fenómeno no que interfieren un elevado número de variables e factores tanto intrínsecos como extrínsecos”. Estas dificultades poden darse ó longo da vida dunha persoa pero polo xeral, soen aparecer antes da adolescencia e durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe, impedindo ou facendo moi difícil, acadar as aprendizaxes previstas no proceso. Ademais no sustentado por Fuentes (2009) estas dificultades de aprendizaxe, en ocasións poden ir parellas a outros trastornos como poden ser o caso dunha discapacidade sensorial, intelectual ou deprivación social e cultural.

Ó igual que sucede con outros ámbitos e terminoloxías o concepto dificultades de aprendizaxe non comezou a traballarse en tódolos lugares do mundo ó mesmo tempo. Tanto é así que en España non foi ata 1990 onde coa aparición da Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) se introduciron as ideas propostas

polo Informe Warnock, que sinalaba que as dificultades de aprendizaxe se detectan cando un alumno non aprende dentro das aulas ordinarias e cando isto leva a un desfase co seu grupo de referencia en canto ós aprendizaxes básicos. (Fiuza e Fernández, 2013). Isto fixo que esta terminoloxía comezara a ter unha presenza crecente no ámbito educativo. Ata tal punto, que a día de hoxe e dende fai uns anos, é materia de estudo en moitas carreiras universitarias, debido á gran importancia que presenta para a sociedade actual, como sinala Suárez (2010). Esta situación reflíctese no currículo actual. Así o Real Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 16 establece que:

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar dificultades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastornos por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeito.

Así mesmo no artigo 71 da Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, p.51 especificase que: “As Administracións educativas disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na presente Lei”.

Como se observa, tanto o currículo de Educación Primaria como a Ley Orgánica de Educación, teñen en conta ós nenos/as con dificultades de aprendizaxe, que se engloban dentro doutras situacións de desvantaxe, proporcionando dende o sistema educativo os mecanismos necesarios para que estas circunstancias afecten o menos posible ó alumnado e non deriven en circunstancias moito máis negativas para eles.

Compróbase deste xeito, como o tratamento das dificultades de aprendizaxe evolucionou no sistema educativo español, pasando da ignorancia deste concepto por

parte da Administración, a recoñecer a súa existencia e propoñer ferramentas para atender ó alumnado que as presenta.

3.2 TIPOS DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

Á hora de identificar os distintos tipos de dificultades de aprendizaxe, atopámonos cunha gran variedade de tipoloxías, xa que todo depende da maneira na que cada investigador/a asuma o concepto de dificultades de aprendizaxe.

Entendendo as dificultades de aprendizaxe dende un sentido amplo, e recollendo o exposto por Fiuza e Fernández (2013) preséntase a seguinte tipoloxía:

- Deficiencias intelectuais (DI): Fan referencia a toda limitación significativa, tanto no funcionamento intelectual como na conduta adaptativa, a cal se manifesta en habilidades adaptativas conceptuais, sociais e prácticas. Deste xeito inclúense neste grupo o trastorno do desenvolvemento intelectual, o retraso global do desenvolvemento e a deficiencia intelectual non especificada.
- Dificultades Específicas da Aprendizaxe (DEA): Constitúen un conxunto de problemas que interfieren no rendemento escolar dun neno/a. Aínda que soen presentarse de maneira conxunta con alteracións no funcionamento do sistema nervioso central, non son o resultado dun retraso mental asociado. Dentro delas atoparíanse as dificultades na lectura, escritura e cálculo. Son problemáticas que a pesares de ser independentes das condicións ambientais, si que inflúen no desenvolvemento e no grao de importancia que adquiran. Son trastornos de gravidade moderadamente alta, na medida en que non remiten de forma espontánea e requiren atencións prolongadas.
- Trastornos da comunicación: Son todo desorde, defecto, dificultade ou trastorno que interfere ou dificulta a capacidade para comunicarse cos demais por medio da linguaxe falada (Gallego, 2005, citado en Fiuza e Fernández, 2013). Dentro destas dificultades englobaríanse os problemas no ámbito da comunicación, da linguaxe, da fala e da voz.
- Trastornos xeneralizados do desenvolvemento (TGD): Caracterízanse por unha perturbación grave nas áreas do desenvolvemento que se relacionan coas

habilidades para a interacción social, para a comunicación e comportamento e para os intereses e actividades estereotipadas. Nos que se inclúe o trastorno do espectro autista, o trastorno de Rett, o trastorno desintegrativo infantil, o trastorno de Asperger e o trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado.

- Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH): Producido por factores persoais de carácter grave que, frecuentemente son combinados con respostas inadecuadas no entorno. As áreas persoais afectadas son variadas e importantes. Non obstante, co adecuado tratamento a problemática pode chegar a diminuír.
- Trastornos motores: Refírense ó grupo de trastornos que presentan discapacidades físicas que teñen en común dificultarlle, ás persoas que a padecen, a execución dos seus movementos. Son polo tanto todas as alteracións do aparato motor causadas por un funcionamento deficiente do sistema nervioso, do sistema muscular, do sistema óseo ou dunha interrelación dos tres sistemas. Poderíanse introducir as lesións cerebrais, espiñais, óseo – articulatorias, musculares e as de orixe vascular.
- Trastornos socioafectivos: Son problemas que se relacionan co desenvolvemento emocional do alumnado. Estes soen ter a súa orixe nas esixencias de novas adaptacións que co cambio de idade van experimentando os cativos/as, debido a circunstancias do seu medio social, escolar ou familiar. Dentro destes trastornos atoparíase a ansiedade ou a depresión.
- Trastornos socioculturais: Fan referencia a situacións escolares nas que se detectan necesidades educativas especiais asociadas a factores de saúde e hixiene, familiares, económicos e socioculturais, entendendo que son estes os factores que obstaculizan o desenvolvemento normal do neno/a.
- Trastornos comportamentais: Refírense a todos aqueles comportamentos que xeran alteracións no funcionamento normal da aula e son unha gran fonte de estrés para o profesorado. Dentro destes estarían os problemas de condutas disruptivas na escola, o conflito e a agresión dentro da aula e o acoso escolar.

Entender o gran abano que abarcan as dificultades de aprendizaxe, fai posible ó profesorado comprobar a gravidade do problema que se presenta, así como os métodos de actuación que se deben executar para mellorar a calidade de vida do neno/a. Coñecer o trastorno concreto tamén axudará a entender emocionalmente ó alumnado, factor fundamental para comprender o porqué das súas actuacións e comportamentos.

3.3 CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO CON DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

Coñecer os distintos tipos de dificultades de aprendizaxe, permitiu ós investigadores/as elaborar unha serie de características que son comúns a todas elas. E isto á súa vez levou á reaparición do conflito, que dende fai uns anos, xera un debate continuo por definir de maneira global, cales son as características máis adecuadas ou as verdadeiramente correctas. Aínda así, ben é certo que a maioría dos autores aínda que discrepan nos conceptos xerais, si que mostran algunhas semellanzas en determinados termos e definicións.

Seguindo a Mercer (2006) e Segarra (s.f) a presenza de dificultades de aprendizaxe en nenos e nenas leva a establecer:

- Trastornos na emotividade: O alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ten máis risco de presentar trastornos emocionais que o resto dos nenos e nenas da súa idade. Rappaport (1975, citado en Mercer, 2006) sinalaba que as emocións destes cativos desenvólvense de xeito distinto. Un dos factores polo que isto sucede, é porque a miúdo estes aprenden constantemente o que non poden facer, pero rara vez lles chega algún estímulo das cousas que si poden levar a cabo.
- Trastornos na percepción ou perceptivos: Considéranse como a incapacidade de identificar, discriminar e interpretar as sensacións. Este tipo de anomalías débense distinguir dos defectos sensoriais, como poden ser o caso da xordeira ou a cegueira periférica. Dito doutro xeito, un neno ou nena que este cego non presenta unha percepción adecuada, pero non por iso se pode dicir que padece algún trastorno perceptivo, xa que é

consecuencia dunha problemática previa. Finalmente, nesta liña engadir que Cruickshank (1976, citado en Mercer, 2006) sostiña que a percepción e o compoñente neurolóxico son factores claves para entender as dificultades de aprendizaxe.

- Trastornos na atención: Os/as estudantes con este tipo de problemas non son capaces de visualizar estímulos importantes, sen embargo séntense atraídos por aqueles que son irrelevantes. Isto fai que nas aulas teñan graves problemas, posto que non son capaces de recoñecer e manterse atentos nas tarefas importantes. Estes trastornos clasifícanse en dous subconxuntos: Atención insuficiente, que son os nenos e nenas que están atraídos por estímulos que non se corresponden coas tarefas que están a realizar. E atención excesiva, que é aquela na que o cativo/a marca a súa atención en cousas insignificantes e deixa pasar aquilo que é verdadeiramente importante.
- Trastornos na memoria: Dificultade de assimilar, almacenar e recuperar a información, ademais poden chegar a ter relación cos procesos visuais, ou auditivos. Facendo que se poida chegar a falar de trastornos da memoria visual e auditiva. Hallahan e Kauffman (1986, citados en Mercer, 2006) sinalaban que polo xeral este tipo de estudantes presentaban problemas á hora de recordar como se deletrean as palabras ou a relación entre feitos e dirección.
- Trastornos metacognitivos: Dificultade para crear unha conciencia das habilidades, estratexias e recursos que son precisos para levar a cabo de maneira eficaz unha determinada tarefa, así como da falta de habilidades para empregar mecanismos autorreguladores.

Prestar atención ás características do alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe é fundamental para calquera docente, xa que estas non son máis que as sinais, expresadas indirectamente polo alumnado, que posibilitan a detección dunha hipotética dificultade de aprendizaxe. Dito doutro xeito, se como mestre/a se observa que un alumno/a presenta algunha destas características de maneira persistente e continua, é recomendable poñer especial interese na análise minuciosa das súas

actitudes, para intentar detectar a posible aparición dun problema de aprendizaxe e previr consecuencias posteriores.

Os pais ou titores dos alumnos/as tamén deben ter en conta estas características. Posto que ó tratarse do entorno no que os nenos e nenas pasan a maioría do tempo, convértese na principal fonte de detección deste tipo de problemáticas. Como consecuencia, créase a necesidade dunha boa relación e comunicación entre o entorno escolar e familiar, posto que o traballo conxunto, favorecerá o mellor desenvolvemento do alumnado con dificultades, diminuíndo ou suprimindo por completo as consecuencias negativas deste tipo de problemas.

3.4 CAUSAS DAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

As características do alumnado con dificultades de aprendizaxe poden facerse visibles por distintas causas, e dependendo da gravidade delas, as consecuencias no individuo terán maior ou menor transcendencia. Deste xeito á hora de identificalas atópanse certas similitudes entre as achegas de Mendieta (2014) e Segarra (s.f), presentando a seguinte agrupación de causas que poden orixinar unha dificultade de aprendizaxe:

- Causas intrínsecas: Onde atoparíamos por unha banda os factores prenatais, que son as causas máis frecuentes de dificultades de aprendizaxe, xa que estamos nun período no que o neno ou nena é moi vulnerable. E por outra banda os factores perinatais, nos cales os cativos/as que tiveron problemas prenatais son máis propensos a padecer algún tipo de obstáculo durante o seu nacemento.
- Causas ambientais: Son aquelas que están referidas ó entorno onde se desenvolven os/as nenos/as. Onde se poden distinguir por un lado os factores culturais, posto que é a cultura a que modela a expresión conductual das dificultades, e por outra banda os factores educativos, xa que en moitas ocasións o alumnado que ten dificultades de aprendizaxe non recibe a axuda que de verdade precisa, o que fai que esta situación se agrave. E finalmente, os factores familiares, nos que é fundamental a boa

estruturación deste entorno, no que cada integrante ten que ter un papel a favor do bo desenvolvemento do neno ou nena.

Algúns tipos de dificultades de aprendizaxe, como poden ser os trastornos específicos de aprendizaxe, as deficiencias intelectuais, os trastornos da comunicación, os trastornos xeneralizados do desenvolvemento e os trastornos con déficit de atención son trastornos intrínsecos ó alumnado, atribuídos en moitos casos a disfuncións neurolóxicas, que xeran retrasos no desenvolvemento do/a cativo/4. E outros, coma os trastornos socioafectivos, socioculturais e comportamentais son ambientais, é dicir, consecuencia de factores socio – educativos ou instrucionais, facendo que o neno ou nena non dispoña da adecuación necesaria para levar de maneira axeitada os procesos de ensinanza e aprendizaxe.

3.5 PREVENCIÓN DAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

Nos últimos anos, as dificultades de aprendizaxe estanse entendendo dende a prevención, converténdose esta nun dos eixes vertebrados de numerosos estudos de investigación en diversas áreas do coñecemento, entre as que se atopan a psicoloxía, a neuroloxía e a educación. Esta última é a que concirne neste traballo, pero é preciso entender que cada unha destas ciencias están unidas, e para que a prevención sexa adecuada, todas elas terán que estar relacionadas (García, 2014).

A prevención enténdese, por López e García (2005) e Henao, Ramírez e Ramírez (2006), coma o conxunto de actuacións que se realizan co fin de previr, diminuír ou suprimir situacións que poidan entorpecer o desenvolvemento integral do alumnado. Búscase polo tanto, impedir que un determinado trastorno ou problema apareza, ou pola contra prepararse para contrarrestar os seus efectos en caso de que se chegue a presentar, a través de estratexias preventivas a varios niveis.

A prevención xunto coa detección das dificultades de aprendizaxe, poden considerarse como o primeiro paso da intervención educativa co alumnado, recibindo esta primeira fase o nome de atención temperá. A cal se entende como un proceso asistencial que pretende que o suxeito alcance unha maduración adecuada e un nivel de desenvolvemento persoal máximo (García, 2014). Isto fai que a prevención das

dificultades de aprendizaxe teña unha estreita relación coa súa detección, e moitos autores afirmen que non se pode falar dunha sen nomear á outra.

No sistema educativo español, a prevención está recollida no Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria, p.19355 no artigo 9 que afirma que: “Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades”. Concluindo no punto 5 do citado artigo que: “A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un” .

Así entendida, a prevención pódese determinar como sinónimo de intervención educativa ou de intervención temperá, sendo estes termos intimamente relacionados.

3.6 FACTORES QUE INFLÚEN NA PREVENCIÓN

A prevención das dificultades de aprendizaxe supón a avaliación dunha serie de factores, de cuxo resultado xurdirán os procedementos e orientacións a seguir previos ós exercicios específicos de cada unha das aprendizaxes. Recollendo o que afirma Arbonés (2005) estes factores fan referencia a:

- Unha adecuada madurez das coordinacións do movemento, especialmente das visual – motrices e auditivo – motrices.
- A discriminación e agudeza visual e auditiva, cunha visualización e diferenciación correcta das formas.
- A capacidade de simbolización, de mantemento da atención e da memorización.
- O dominio discriminativo dos conceptos espaciais: arriba – abaixo, dereita – esquerda, diante – detrás...; a distinción das noción temporais básicas e o establecemento suficiente do predomínio lateral.
- As nocións básicas de tamaños, cantidades e adicións.

En caso de que se identificara algún tipo de alteración nalgún dos factores sinalados, a intervención iniciárase necesariamente por eles, sendo o primeiro paso para a recuperación específica. Todo isto dentro dunhas condicións emocionais normais, cun equilibrio afectivo adecuado e nun ambiente familiar e educativo favorable. Posto que, son puntos moi condicionantes no desenvolvemento integral do alumnado, que favorecerán ou prexudicarán dependendo das situacións expostas o seu proceso de aprendizaxe.

3.7 TIPOS DE PREVENCIÓN

Á hora de falar da prevención das dificultades de aprendizaxe pódense distinguir tres niveis a partires dunha síntese de Navarro (2010) e López e García (2005), que axudarán ó profesorado a entender os puntos dos que se debe partir. Deste xeito pódese falar de tres tipos de prevención. A primeira delas a prevención primaria, que se dirixe á poboación en xeral, para evitar a aparición de problemas, a partires da redución ou da eliminación dos factores ou causas determinantes, que se asocian á aparición futura do problema. É dicir, trata de impedir a aparición de problemas a partires da detección temperá. Algunhas características desta son que está orientada cara o grupo clase, que intervén antes da aparición das dificultades, é intencional, promove a fortaleza emocional, protexe á poboación de risco e contribúe ó desenvolvemento de maiores competencias para afrontar situacións problemáticas. Isto fai que os programas de prevención, se deban realizar sobre todo no marco escolar, formulando unhas estratexias que se deberían incluír nos proxectos de centro. Aínda así a familia sempre terá un papel fundamental e calquera mínima sospeita terá que facerse saber ós diversos especialistas. A nivel educativo para que as pautas sexan o máis adecuadas posibles deberase ter en conta, por unha banda a transición da ensinanza infantil á primaria, xa que son momentos onde se producen situacións de crise nos alumnos/as. E pola outra, prestar atención ás características persoais de cada un dos nenos/as, xa que é necesario para detectar as posibilidades de risco e a aparición de dificultades.

A prevención secundaria céntrase en deter o avance do trastorno que foi detectado a partires dun diagnóstico precoz, realizándoo en todas aquelas poboacións que

forman parte de grupos de risco. Entendendo que os principais factores de risco son por unha banda os factores orgánicos (xenéticos, diabetes, drogas, narcóticos e prenatais) e pola outra os factores ambientais (postnatais e ambientais) que sinalan á familia e á escola como os núcleos centrais dos problemas. A intervención neste caso intentará evitar que o que comeza como unha dificultade de aprendizaxe acabe xerando unha necesidade específica de apoio educativo. Para iso propoñeranse estratexias que terán que dar resposta ás necesidades do alumno/a. Tratarase pois, de adaptar os contextos educativos ás necesidades reais do suxeito, dende un punto de vista individualizado.

E por último, a prevención terciaria que pretende reducir ou impedir a formación de consecuencias do trastorno en persoas que xa mostran signos evidentes do mesmo, co fin de minorar os posibles efectos ou ben de previr novas aparicións do problema. Dentro desta engópanse sobre todo os/as nenos/as que sufriron alteracións prenatais, perinatais ou postnatais, os cales van a precisar de intervencións precoces para a súa integración. A intervención neste caso deberá situar ó alumno/a fronte a unha avaliación inicial das súas áreas deficitarias, a través de recursos adecuados, e do implante de programas que reduzan ou eliminen os déficits de maneira precoz. Isto é fundamental porque o feito de descubrir de xeito precoz a dificultade, diagnosticala con precisión e aplicar as medidas necesarias, pode significar a diferenza entre o éxito e o fracaso escolar do cativo/a que a padeza.

3.8 ÁMBITOS DE PREVENCIÓN

Para que os programas de intervención sobre as dificultades de aprendizaxe sexan eficaces e válidos, deben ser realizados dende unha perspectiva multifactorial e interdisciplinar. Polo tanto deberán priorizar a prevención dende os campos médico, social e educativo. Así, como afirma Millá (2006) dende o ámbito médico preténdese garantir a saúde dos pequenos, controlar a súa nutrición, minimizar o impacto de posibles enfermidades e derivar ós/ás nenos/as susceptibles de padecer algunha dificultade de aprendizaxe. Dende o ámbito social búscase mellorar as situacións nas que as condicións de crianza non sexan as adecuadas. Fálase polo tanto da familia e do entorno do neno/a como un apoio fundamental para o bo desenvolvemento deste. Intentando evitar ambientes sociais e económicos con certas condicións particulares e

deficientes. Finalmente, dende o ámbito educativo perséguese asegurar o máximo desenvolvemento académico e persoal, introducindo recursos e programas individualizados para dar resposta ás necesidades educativas que poidan presentar estes alumnos/as. É dicir realizando intervencións concretas e individualizadas dependendo das características de cada suxeito.

Unha boa prevención das dificultades de aprendizaxe debe partir dunha intervención temperá, que deberá reorganizar as funcións deficitarias, impedindo que as dificultades de aprendizaxe alcancen maior consistencia e sexan máis resistentes ás accións terapéuticas. Nesta liña, calquera intervención que se aplique nestes casos levarase a cabo dende un enfoque comprensivo, multidimensional e interdisciplinar, priorizando deste modo a prevención dende diversos ámbitos (García, 1998 citado en García, 2014). En conclusión, deberase incidir no enriquecemento perceptivo, lingüístico, cognitivo, emocional, persoal e social mediante o adestramento de destrezas e competencias específicas (Suarez – Coalla, García de Castro e Cuetos, 2013 citados en García, 2014).

3.9 DETECCIÓN DAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE

Entender o que son as dificultades de aprendizaxe dende unha perspectiva preventiva, fai predicir a necesidade de descubrir o problema o antes posible, para que os danos e consecuencias sexan o menos prexudiciais. É aquí, onde aparece o concepto de detección precoz. Como recolle Blanco (2012) este diagnóstico inicial, permitirá ó conxunto docente e familiar saber ó que se enfrontan, para posteriormente dar o apoio necesario, axudar a fomentar as habilidades positivas do neno/a e apoialo/a a nivel emocional.

A maneira de entender a detección das dificultades de aprendizaxe foi sufrindo variacións ó longo dos anos. Tanto é así que como afirma Coronado (2015) dende que se entrou nunha ensinanza básica obrigatoria para todo o alumnado, pasouse por cinco etapas relacionadas cos aspectos máis relevantes da identificación e avaliación educativa das dificultades de aprendizaxe. Iniciándose cunha etapa neurolóxica (1880 a 1940), pasouse polas etapas psicoeducativa (1940 a 1963), de integración (1963 a

1978) e pedagóxica (1978 a 2004) ata que actualmente, atópase nunha etapa educativa. É nesta onde se comeza a falar dun modelo global de detección, que pretende realizar unha actuación educativa que requira dun deseño curricular, funcional e individualizado, concretado en programas de educación individualizada. Partindo disto, e facendo unha síntese do que recolle por unha parte Galindo (2001) e pola outra Romero e Lavigne (2005) enténdese a detección coma un proceso de natureza científica que pretende a descrición, identificación, análise e valoración de información relevante das distintas situacións de ensinanza e aprendizaxe, nas que o alumno/a presenta algún tipo de dificultade de aprendizaxe nos contextos escolares e socioambientais. Realizándose esta avaliación inicial en colaboración con mestres/as, familias e outros profesionais, co obxectivo de promover cambios específicos para remediar esas dificultades.

Esta definición coincide co indicado por Arias (1998, citado en Escalona, 2011) que afirma que todo proceso de avaliación psicopedagóxica leva consigo implícito unha función de diagnóstico ou detección, e todo diagnóstico, demanda a avaliación de certas condicións, que permiten dar unhas pautas e conclusións sobre un problema. Por iso diagnóstico, detección e avaliación psicopedagóxica forman unha agrupación dificilmente separable, na cal se comproba a unidade e interdependencia entre elas. Entendemos que será a avaliación dos procesos de ensinanza – aprendizaxe, a que nos axude a detectar ou diagnosticar a existencia dalgunha dificultade. Debido a que a avaliación destes procesos outórganos información das estratexias dos/das alumnos/as fronte ós problemas, das súas actitudes ou dos problemas de comunicación (Navarro, 2010).

Se as carencias dun neno ou nena son detectadas nos cinco primeiros anos de vida, coa axuda dos mestres/as, especialistas e familia poderase chegar a mellorar o funcionamento das áreas problemáticas. Isto fará que cando acaden a etapa de Educación Primaria estean mellor preparados para que, aínda con algunha dificultade visible, adquiran os coñecementos requiridos. Terá que seguir existindo a intervención nesta etapa, para que non se retroceda na aprendizaxe. Sempre en concordancia cos procesos realizados anteriormente e en consenso con familiares e especialistas

(Academy of Pediatrics. Committee on Children with Disabilities, 2001 citado en Gómez, Gladys, Merchán e Aguirre, 2010).

A detección das dificultades de aprendizaxe no ámbito educativo español, recóllense no Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria no seu artigo 9.3, p.19355 onde se afirma que: “Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e o establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar”. Especificando no seu artigo 9 punto 6 que: “Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares”.

A implicación da Administración Educativa á hora de engadir as dificultades de aprendizaxe como un trastorno existente nas aulas españolas, fixo que dende os centros se afronte esta problemática a partires da detección e prevención. As investigacións e avances sobre a temática, aportando resultados de que esta é a mellor opción para erradicar as consecuencias nos cativos, foron gran parte das causantes de que se propuxesen estas liñas de intervención iniciais. É por todo isto polo que se pode entender a detección xunto coa prevención como eixes fundamentais á hora de falar das dificultades de aprendizaxe, considerándoas como as bases para loitar contra a desigualdade académica e social do alumnado de Educación Primaria. Deste xeito correspóndelle ó Sistema Educativo establecer estes mecanismos que axuden a descubrir a problemática e o motivo que orixina estas dificultades.

Concluindo enténdese que a detección é un dos medios básicos para poder abordar de maneira adecuada as dificultades de aprendizaxe, permitindo afrontar a situación dende tódolos ámbitos nos que se presentan carencias e asegurando un prognóstico máis positivo para o neno/a.

3.10 CARACTERÍSTICAS DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

Para poder entender con claridade o concepto de avaliación psicopedagóxica é preciso nomear algunhas características definitorias que clarifican o concepto, e que axudan a entender de onde parte a detección das dificultades de aprendizaxe. Tomando como referencia a Romero e Lavigne (2006) pódese indicar que a avaliación psicopedagóxica presenta as seguintes características:

- Forma parte da intervención psicoeducativa: Dende que se comeza a realizar a avaliación xa se está intervindo de modo directo e indirecto co alumno/a, cos mestres/as e coas familias. Posto que se confirman opinións e se consolidan etiquetas.
- A avaliación psicopedagóxica como proceso: Enténdese como un proceso dinámico, interactivo e prolongado no tempo, onde en ocasións é necesaria a participación doutros profesionais, debido a que se precisan outros diagnósticos.
- Recolle información relevante: O que leva a que canta máis e mellor información se recolla mellores serán as posibilidades para cumprir os obxectivos fundamentais; describir e explicar o que sucede e prescribir un diagnóstico eficaz. Para que a avaliación sexa o máis acertada posible, o profesional que a leva a cabo terá que colaborar co resto de axentes educativos.
- Parte do proceso de ensinanza e aprendizaxe escolar no que se dan as dificultades: Os protagonistas deste proceso son o mestre/a e o alumno/a, centrados sobre unha tarefa que deben ensinar e aprender respectivamente. Fálase así dun triángulo alumno – tarefa – mestre, estando aquí ante o fin primordial da análise na avaliación psicopedagóxica.

Estas características levan á proposición de tres obxectivos fundamentais que unha boa avaliación psicopedagóxica das dificultades de aprendizaxe debe cumprir: describir, explicar e prescribir como afirman Romero e Lavigne (2006).

Describir, o cal se ten que facer do modo máis coherente e comprensible, contando o que ocorre no proceso de ensinanza – aprendizaxe no que xorden as dificultades de

aprendizaxe, para poder centrarse en como aprende o alumno/a, e en consecuencia a iso, poñer un diagnóstico prescriptivo que permita a creación dun plan de intervención. A descrición pormenorizada das variables e elementos que interveñen no proceso, só é posible si se recolleu a información pertinente. Polo tanto, describir é unha condición necesaria para un bo proceso de avaliación.

Explicar, como método para ordenar e relacionar os datos de forma coherente, para que o caso sexa comprensible deixando claro que foi o que deu lugar a que e por que. Explicar na avaliación psicopedagóxica implica antes que nada, saber de psicopedagogía e estar nunha reciclaxe permanente, senón os datos só serán unha colección de palabras e números sen criterio algún.

Só coa adquisición dos dous obxectivos anteriores será factible prescribir, é dicir facer un diagnóstico que permita realizar programas de intervención, nos que as secuencias de técnicas e tempos sexan adaptables ás condicións e posibilidades da tarefa, tanto no/a alumno/a como no/a mestre/a, e en consecuencia sexan as máis adecuadas para a solución das dificultades de aprendizaxe.

Ademais cando se traballa na elaboración da avaliación psicopedagóxica, é fundamental facer especial énfase naquel alumnado que pertence a poboacións de risco. Por iso os indicadores de risco a nivel xeral, para a detección temperá dalgunha posible dificultade de aprendizaxe, como nomea González (2013) son:

- Ámbito da motricidade: Problemas de equilibrio e control motor, marcada torpeza motora nos xogos e deportes, hipotonía ou hipertonía e gran torpeza no manexo dos lapis a partires dos 5 anos.
- Ámbito da linguaxe: Ausencia de palabras ós 18 meses, non combinación de dúas palabras seguidas ós 2 anos, alteración da orde das palabras nas frases ou unha fala intelixible ós 5 anos.
- Ámbito de socialización e conduta: Ausencia de intereses por outros nenos/as, carencia de habilidades básicas de interacción social, marcada actividade motora e problemas de autocontrol ou alteracións ante cambios de actividades.
- Ámbito xeral: Perda de habilidades previamente adquiridas.

Cando no ámbito familiar e escolar, se observa algún destes factores é recomendable expresalo e comezar a tomar medidas de detección para coñecer o antes posible a problemática do neno ou nena, intentando buscarlle solución, para que os danos sexan o menos destacados posible.

Polo tanto, cando aparece unha demanda, é dicir a expresión da existencia dun problema que require dalgún tipo de resposta, actívase un protocolo de detección o cal ten como obxectivo, por unha banda precisar a información acerca da dificultade de aprendizaxe expresada na demanda e pola outra, deixar constancia escrita da existencia dun problema e das súas características (Romero e Lavigne 2006).

Este protocolo emprega distintos termos dependendo do autor/a do que se estea a falar, así seguindo a Granados (2010) e Romero e Lavigne (2006), enténdese tamén como un proceso de avaliación psicopedagóxica, que consta de tres fases definidas. A primeira delas recibe o nome de avaliación da competencia curricular e contexto familiar e escolar, nela preténdese coñecer a situación real do/a alumno/a en relación ó currículo, ó contexto familiar e escolar. A toma de contacto prodúcese mesturando información de distintas fontes, tratando de ver distintos puntos de vista que expliquen a situación actual do neno ou nena. Nun primeiro momento deberase recoller información aportada polos/as titores/as. Para iso o/a orientador/a ou mestre/a poderá elaborar unha entrevista na que se recolla información para saber como é a familia e o entorno, as expectativas que presenta, o apoio emocional que ten neste ámbito e a cooperación coa que dispoñerá para levar a cabo as medidas necesarias. Por outra banda, analizarase a información persoal, aportada polo alumno/a para coñecer a súa situación académica e os problemas que el ou ela atopa, xa que só poderá ser el/a o/a que diga como ve a situación. Neste cuestionario que se lle entregue observarase o grao de adaptación escolar, a situación persoal, as expectativas persoais e o acordo coas medidas que se lle propoñen levar a cabo. A continuación pasarase a traballar coa información do profesorado, que aportará o grao de competencia curricular que presenta, o grao de desenvolvemento de capacidades, o grao de adquisición de obxectivos establecidos para a materia e a etapa na que se atopa do desenvolvemento de competencias básicas. Pasarase posteriormente, a analizar a historia previa do desenvolvemento e aprendizaxe, a cal se centrará nas

actitudes e hábitos de estudo. Ligado a isto observarase a avaliación do desenvolvemento a nivel intelectual, psicosocial, motor e auditivo. Con este tipo de avaliación obteranse datos sobre o alumno/a e o seu contexto, o xogo e o seu ocio e a saúde e outras actividades extraescolares.

A segunda das fases correspóndese coa avaliación contextualizada das condicións persoais en relación coas capacidades, competencias curriculares e obxectivos de etapa. Esta terá como función, recadar máis información, se a recollida na primeira fase non é suficiente, para xustificar a súa incorporación a programas específicos. Empregaranse instrumentos máis concretos, un exemplo nesta recollida de información será o emprego da observación sistemática, mediante protocolos de situacións reais nas que se propoñen problemas que o/a alumno/a ten que resolver, empregando capacidades concretas.

Finalmente a derradeira das fases denomínase determinación de ámbitos de desenvolvemento prioritario, na cal partindo da información recollida nas dúas fases anteriores, procederase a determinar que aspectos se consideran prioritarios para facilitar o desenvolvemento persoal e escolar do alumno/a. Se precisa atención especializada na adquisición de contidos de aprendizaxe, na formación de capacidades cognitivas ou nas áreas persoal, social e escolar. Esta fase concluirá cando se deixe por escrito a descrición do problema, así como os ámbitos nos que se precisa unha intervención inmediata.

Concluindo, compróbase como é fundamental o coñecemento das características, obxectivos, indicadores de risco e fases de adquisición, para elaborar unha adecuada avaliación psicopedagóxica. Permitindo esta, entender o punto no que se atopa o neno ou nena con dificultades de aprendizaxe, para así poder detectar as peculiaridades específicas e únicas que presenta, e deste xeito marcar unhas pautas de inicio e seguimento que permitan un avance positivo e adecuado, no que de forma continua e permanente se vaian reducindo ou incluso eliminando este tipo de dificultades.

4. CONCLUSIONES

Considérase necesario que a sociedade asuma a diversidade como unha característica básica do ser humano, que se manifesta principalmente nas aulas a través dos intereses, motivacións e capacidades do alumnado, convertendo a inclusión en algo vital e normal para o desenvolvemento social. Tanto é así, que nos últimos anos os centros educativos tiveron avances continuos en relación a isto modificando as modalidades, as técnicas de intervención e as medidas educativas adoptadas, evolucionando como xa se veu, dun modelo institucional clínico – médico ata chegar ó actual modelo educativo. Neste sentido, as medidas educativas levadas a cabo para mitigar o avance das dificultades de aprendizaxe, demostran que a sociedade actual avanza en busca dunha educación integral e adaptativa.

Deste xeito, a prevención e a detección das dificultades de aprendizaxe convértense no eixe central e fundamental de toda intervención, evitando por unha banda a aparición temperá de dificultades de aprendizaxe, e pola outra proporcionando medidas educativas adecuadas e axustadas para o control da gran diversidade de dificultades de aprendizaxe presentes nas aulas.

Todos estes avances débense os numerosos investigadores/as e profesionais do sector, que ademais de outorgar información nova referente ás dificultades de aprendizaxe tamén grazas a eles/as esta problemática tan común na actualidade, adquiriu o peso e a importancia tan necesaria que presenta a día de hoxe, e a cal tanto docentes como familiares do alumnado deben ter presente no día a día.

Por todo isto está na man dos docentes, favorecer o desenvolvemento integral de calquera alumno/a, proporcionándolle as ferramentas necesarias, e axudando de maneira directa a que na medida do posible poidan reducir ou suprimir por completo as dificultades de aprendizaxe. Ademais de ser os principais detectores, xunto coas familias, destas problemáticas, favorecendo a minimización das repercusións nos cativos/as.

5. REFERENCIAS DOCUMENTAIS

- Arbonés, B. (2005). *Detección, prevención y tratamiento de dificultades de aprendizaje: cómo descubrir, tratar y prevenir los problemas en la escuela*. Vigo, España: Ideaspropias Editorial.
- Blanco, M. (2012). *Dificultades específicas del aprendizaje de las matemáticas en los primeros años de la escolaridad: detección precoz y características evolutivas*. (Tese doutoral) Ministerio de Educación, Madrid. Recuperado de https://www.researchgate.net/profile/Margarita_Blanco3/publication/239603149_DIFICULTADES_ESPECIFICAS_DEL_APRENDIZAJE_DE_LAS_MATEMATICAS_EN_LOS_PRIMEROS_AÑOS_DE_LA_ESCOLARIDAD_DETECCION_PRECOZ_Y_CARACTERISTICAS_EVOLUTIVAS/links/568d072c08aefb48d4bf2643.pdf?origin=publication_detail
- Cabello, M. (2007). Discapacidad y dificultades de aprendizaje. *Revista de investigación*, (62), 55-70. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2512156>
- Coronado, A. (2015). La evaluación educativa de las dificultades de aprendizaje: tendencias actuales. *Revista monográfica de educación skepsis*, (4), 69 – 93. Recuperado de https://idus.us.es/xmlui/bitstream/handle/11441/27006/La_evaluacion_educativa_de_las_dificultades_de_aprendizaje.pdf?sequence=1&isAllowed=y
- Escalona, E. (2011). El evaluador educativo. *Boletín mensual del programa Ramal*, 2 (6), 1-22. Recuperado de https://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=1&ved=0ahUKEwiPiO-M5ZrNAhVBmBoKHeMQBmsQFggcMAA&url=http%3A%2F%2Fwww.cubaeduca.cu%2Fmedias%2Fevaluador%2Ffebrero2011.pdf&usq=AFQjCNHxprNdLn8b8eYznU_C9lPfk04joQ&sig2=BtCFdMj1SoeVQQZwPNLYgA&cad=rja
- Fiuza, M. J. e Fernández, M. P. (2013). *Dificultades de aprendizaje y trastornos del desarrollo. Manual Didáctico*. Madrid, España: Pirámide.

- Fuentes, D. (2009). Las dificultades de aprendizaje. *Revista innovación y experiencias educativas*, (15), 1-9. Recuperado de http://www.csic.es/andalucia/modules/mod_ense/revista/pdf/Numero_15/DESIREE_FUENTES_1.pdf
- Galindo, D. A. (2001). *La detección temprana de los problemas de aprendizaje: estudio longitudinal*. (Tesis doctoral). Universidad Complutense, Madrid. Recuperado de <http://eprints.ucm.es/7355/1/tesiseducacion.pdf>
- García, J. N. (2014). *Prevención en dificultades del desarrollo y del aprendizaje*. Madrid, España: Pirámide.
- Gómez, L. A., Gladys, M., Merchán, V., e Aguirre, D. C. (2010). Confiabilidad de un cuestionario para rastreo de trastorno de aprendizaje (CEPA) en niños en edad escolar. *El Ágora USB*, 10 (1), 55 – 70. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3642093>
- González, D. (2013). Detección y diagnóstico de alumnos con N.N.E dentro de la escuela. *Revista padres y maestros*, (354), 16-20. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4511969>
- Granados, C. (2010). Evaluación psicopedagógica. *Revista innovación y experiencias educativas*, (27), 1-19. Recuperado de http://www.csic.es/andalucia/modules/mod_ense/revista/pdf/Numero_27/CRISTINA%20GRANADOS%20BERMUDEZ_2.pdf
- Guía para a elaboración e defensa do Trabajo de Fin de Grao. Recuperado de https://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/G3141_G3151_Mestre Primaria 2010_11.pdf

- Henao, G. C., Ramírez, L. A. e Ramírez, C. (2006). Qué es la intervención psicopedagógica: definición, principios y componentes. *El Ágora USB*, 6 (2), 215-226. Recuperado de [http://200.48.31.85/documentos/psicologia/Agora%20Diez%20\(Tema%204%20Que%20es%20la%20Intervencion%20Psicopedagogica\).pdf](http://200.48.31.85/documentos/psicologia/Agora%20Diez%20(Tema%204%20Que%20es%20la%20Intervencion%20Psicopedagogica).pdf)
- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (BOE nº106, de 4/05/06). Recuperado de <https://www.boe.es/buscar/pdf/2006/BOE-A-2006-7899-consolidado.pdf>
- López, S. e García, C. (2005). La prevención de dificultades del lenguaje oral en el marco escolar: Evaluación e intervención temprana. *Pensamiento Psicológico*, 1(5), 73-83 Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/4800699.pdf>
- Mendieta, A. (2014). *Visiones docentes en las aulas de hoy*. Recuperado de https://books.google.es/books?id=jPINCgAAQBAJ&printsec=frontcover&hl=es&source=gbs_ge_summary_r&cad=0#v=onepage&q&f=false
- Mercer, C. (2006). *Dificultades de aprendizaje 1*. Barcelona, España: Ediciones Ceac.
- Millá, M. G. (2006). Atención temprana de las dificultades de aprendizaje. *Revista de Neurología*. 42 (2), 153-156. Recuperado de <https://www.neurologia.com/sec/deAutor.php?auof=11428&i=e#>
- Navarro, M. (2010). Enfoque preventivo de los problemas escolares y de aprendizaje. *Revista digital temas para la educación*. (6), sen pp. Recuperado de <https://www.feandalucia.ccoo.es/indcontei.aspx?d=4018&s=5&ind=180>
- Real Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG, nº 171, de 9/09/14). Recuperado de http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140909/AnuncioG0164-050914-0005_es.html

- Real Decreto 126/2014, de 28 de febrero, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria. (BOE, nº 52, de 28/02/14). Recuperado de <https://www.boe.es/boe/dias/2014/03/01/pdfs/BOE-A-2014-2222.pdf>

- Romero, J. F. e Lavigne, R. (2005). *Dificultades en el aprendizaje: Unificación de criterios diagnósticos. I Definición, Características y tipos*. Recuperado de https://www.google.es/url?sa=t&rct=j&q=&esrc=s&source=web&cd=4&cad=rja&uact=8&ved=0ahUKEwid3rCR4bvMAhUKbhQKHRIQCQ4QFgguMAM&url=http%3A%2F%2Fwww.uma.es%2Fmedia%2Ffiles%2FLIBRO_II.pdf&usg=AFQjCNHinLPVrrylyYv1jdM_pWubuA8Gxw&bvm=bv.121070826,d.d24

- Romero, J. F. e Lavigne, R. (2006). *Dificultades en el aprendizaje. Unificación de criterios diagnósticos. II Procedimientos de Evaluación y Diagnóstico*. Recuperado de http://www.jmuozzy.org/files/9/Necesidades_Educativas_Especificas/dificult_aprendizaje/documentos/Dificultades_de_Aprendizaje_I.pdf

- Rubio, M. C. (2004). *El análisis documental: indización y resumen en bases de datos especializadas*. Recuperado de <http://eprints.rclis.org/6015/>

- Segarra, D. (s.f). *Dificultades de aprendizaje y ayuda psicopedagógica en niños(as) en educación básica*. Universidad de Cuenca Facultad de Psicología. Recuperado de <http://dspace.ucuenca.edu.ec/bitstream/123456789/2373/1/tps669.pdf>

- Suárez, A. (2010). Dificultades de aprendizaje. En Caride, J. A. e Trillo, F. (2010). *Diccionario galego de Pedagogía*. (191-192). Santiago de Compostela, España: Galaxia